

01

Literatura galega en lingua inglesa? Consideracións arredor da exofonía, do sistema literario e da novela *The Outcast Child* de Jacobo Priegue

María Alonso Alonso

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo_ Este artigo analiza *The Outcast Child* de Jacobo Priegue, unha novela escrita en lingua inglesa por un autor galego emigrante de nova xeración no Reino Unido. Trátase dun caso único de exofonía que se tería que considerar dentro dos estudos galegos onde a transterritorialización das personaxes engade interese a un texto producido en lingua estranxeira por un membro da nova diáspora galega. O texto é unha novela negra con trazos psicolóxicos que pon de manifesto a interesante dicotomía existente entre o país de orixe e o país de acollida tanto da protagonista como do autor á hora de tratar a temática do trauma latente. *The Outcast Child*, aínda sendo un caso único, servirá para sinalar algunhas consideracións arredor da exofonía, do sistema literario e do xeito no que a nova diáspora galega está a contribuír con textos escritos en lingua estranxeira aos estudos galegos.

Palabras chave_ Exofonía; sistema literario; nova emigración galega; transterritorialización; narrativas do trauma.

Sumario_ 1. Introducción: A exofonía e o sistema literario galego. 2. Novela negra, trauma e dislocación. 3. A Galicia representada dende outro espazo. 4. Conclusión: *The Outcast Child* como exemplo paradigmático de exofonía dentro dos Estudos Galegos. Referencias bibliográficas.

Galician literature in English? Some thoughts on exophony, literary systems and Jacobo Priegue's novel *The Outcast Child*

Abstract_ This article analyses Jacobo Priegue's *The Outcast Child*, a novel written in English by a first-generation Galician migrant author in the United Kingdom. This is a unique case of exophonic writing that should be considered within Galician Studies and in which the transterritorialisation of the characters adds interest to a text produced in a foreign language by a member of the new Galician diaspora. The novel is a crime fiction which exemplifies the interesting existing dichotomy between the host country and the home country of both the protagonist and the author when dealing with latent traumas. *The Outcast Child*, although it is a unique case, will be utilised to point out some thoughts on exophony, literary systems, and the way in which the new Galician diaspora is contributing to the corpus of Galician literature with texts written in a foreign language.

Key words_ Exophony; literary system; new Galician diaspora; transterritorialisation; trauma narratives.

Contents_ 1. Introduction: The exophony and the Galician literary system. 2. Black novel, trauma and dislocation. 3. Galicia represented from another space. 4. Conclusion: The Outcast Child as a paradigmatic example of exophony within the Galician Studies. References.

1.

Introdución: A exofonía e o sistema literario galego

Damos por feito que non pode haber literatura galega en lingua inglesa. O criterio filolóxico impide que poidamos considerar a novela *The Outcast Child* (2019) escrita en inglés polo galego Jacobo Priegue como exemplo de literatura galega xa que a lingua ten un peso primordial no noso sistema literario.¹ Tampouco existiron casos paradigmáticos de autoras ou autores galegos exofónicos, é dicir, que escribisen nunha lingua estranxeira e que permitan cuestionar esta idea estática do sistema literario arredor da lingua. Certo é que a emigración galega a países como Francia ou Alemaña durante a metade do século pasado e a existencia xa neste século vinte e un de segundas xeracións de galegas e galegos nados no estranxeiro e que teñen outra lingua como primeira lingua podería ter propiciado un cambio de paradigma, mais non é o caso. A pesar disto, a nova diáspora galega², mesmo coa falta de distancia histórica que existe nestes momentos para falar deste novo fenómeno migratorio, si que nos permite considerar novas prácticas creativas en lingua estranxeira dentro do que coñecemos como os Estudos Galegos. Eva Moreda ou Elías Portela son posiblemente os dous nomes máis recoñecidos de autora e autor que publican ademais de en galego en inglés e en islandés, respectivamente. Xavier Queipo ou Lito Vila Baleato tamén son nomes que se poden engadir a esta lista de autores multilingües. Mais o caso de Priegue e da súa novela *The Outcast Child* parece ser único e convida a reconsiderar a xa manida cuestión do canon e da importancia da exofonía, fenómeno cada vez máis común na literatura mundial a causa sobre todo dos movementos migratorios, á hora de adscribir unha obra a unha tradición literaria específica dependendo da lingua que utilice o autor ou autora para a súa creación literaria.

Jacobo Priegue é un emigrante galego de nova xeración que se licenciou en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela antes de comezar a vivir en Londres, lugar onde traballa dende hai anos como profesor de ensinanza secundaria (Deyanova, 2018, en liña). É autor de tres novelas en lingua inglesa e, polo momento, non publicou nada noutra lingua que non sexa a do seu país de acollida. Trátase, polo tanto, dun autor exofónico. Wright define a exofonía como o “phenomenon of a writer working in a language other than his or her mother tongue” [fenómeno no que un escritor ou escritora utiliza para a súa creación literaria unha lingua que non é a súa lingua materna] (2008: 27),³ unha práctica que se viu incrementada nas últimas décadas a causa das novas diásporas. Autoras como a mexicana Juana Adcock ou o arxentino Leo Boix residentes no Reino Unido e que escriben en inglés, a turca Emine Sevgi Özdamar que escribe en alemán, ou a marroquí recentemente galardoada co premio Nadal de Novela 2021 Najat El Hachmi que escribe tanto en catalá como en castelá son algúns dos casos máis relevantes de exofonía na actualidade. Todas estas autoras e autores son emigrantes de primeira xeración, é dicir, emigraron aos seus respectivos países de acollida nunha idade adulta e teñen como lingua materna unha diferente ao dos países de acollida. Najat El Hachmi é a única que emigrou a Cataluña de nena, con oito anos, cos seus pais,⁴ polo que se podería considerar que aínda que o árabe é a súa lingua materna, tamén adquiriu tanto o catalán como o castelán dende unha idade moi nova.

1 Carballo Calero fala da literatura galega “como a exposición das realizacións e do desenrolo da fala galega no orde literario [...] Técnicamente, é o idioma empregado o que caracteriza ás distintas literaturas [...] Entendo como literatura galega a literatura en galego” (1981: 11), e sinala, por exemplo, que un libro como *Seis poemas galegos* de Lorca si podería considerarse dentro da literatura galega, mentres que *La Colmena* de Cela non. Para máis información sobre o criterio filolóxico, ver Carballo Calero (1981).

2 Este artigo fai uso da expresión ‘nova diáspora galega’ para referirse á nova vaga migratoria galega xurdida a partir da crise económica do 2007 e que ten unha serie de características particulares que a diferencia de vagas migratorias anteriores. Para máis información sobre estas diferencias ver DePalma & Pérez-Caramés (2018).

3 As traducións de todas as citas en inglés, tanto de estudos académicos como da obra obxecto de análise, son miñas.

4 Datos biográficos da autora recollidos en <https://www.lecturalia.com/autor/3305/najat-el-hachmi> (Consultado en 22.10.2021).

A exofonía como fenómeno literario non é novo. Sen dúbida un dous escritores exofónicos máis recoñecidos na literatura universal é Joseph Conrad, fillo de pai e nai polaca que naceu no que hoxe en día é Ucraína, territorio daquela ocupado por Rusia, e quen en 1899 publicou *Heart of Darkness*, unha das novelas máis importantes da literatura inglesa, lingua que non comezou a utilizar de xeito fluído até despois de cumprir os vinte anos (Birch, 2009: 245). Para Conrad, utilizar o inglés como a súa lingua de creación literaria supuxo un proceso de defamilialización e deconstrución lingüística. A exofonía xustamente implica isto: “a detachment from one’s mother tongue” [un desapego da lingua materna propia] (Roussel, 2020: 163); o que implica un apego á lingua da cultura de acollida que está propiciado por un contexto multilingüe. Outros autores que forxaron a súa carreira literaria nunha lingua diferente á súa primeira lingua son Milan Kundera, Vladimir Nabokov ou Yoko Tawada, por sinalar tres nomes de recoñecido prestixio. Como a propia Roussel afirma, a exofonía supón “an act of redefinition of space, time, persona, people, things, etc. and calls into question subjectivity as much as materiality” [o feito de redefinición do espazo, tempo, personaxe, xente, cousas, etc. e trae a colación tanto cuestións de subxectividade como de materialidade] (2020: 165). A través desta redefinición, as autoras e autores exofónicos pasan a ocupar un lugar intermedio, un espazo ‘in-between’,⁵ entre a lingua do seu país de orixe e do país de acollida. Pasan a ocupar o que Wright denomina como unha “‘grey zone’ between a national literature and the literature of a host country [that] surpass[es] and subvert[s] the conceptual apparatus of literary critics, university departments, teachers and readers” [unha ‘zona gris’ entre a literatura do país de orixe de quen escribe e a literatura do país de acollida que vai máis alá e mesmo subverte o aparato conceptual arredor da crítica literaria, departamentos universitarios, profesorado e lectorado] (2008: 27). O feito de que un autor como Priegue utilice para a súa creación literaria a lingua do país de acollida de xeito exclusivo, neste caso, e non a lingua do seu país de orixe sitúao nesta ‘grey zone’ da que fala Wright xa que imposibilita a súa categorización unilateral: é un autor galego que escribe en inglés pero que non pertence a ningún dos dous sistemas literarios nos que se move.

Liñeira, pioneira na cuestión exofónica nos Estudos Galegos, ten reflexionado sobre o sistema literario e o criterio filolóxico na súa investigación en relación coa literatura galega até afirmar a necesidade de cuestionar a ecuación “one nation, one language, one literature” [unha nación, unha lingua, unha literatura] (2015: 86). Faino ao tempo que analiza o caso de Luis Pimentel, quen habita esa ‘grey zone’ do bilingüismo galego-castelán, e preguntase que facer “with the works of Galician-born writers that are not written in Galician” [coa produción de autores e autoras galegos que non escriben en galego] (2015: 82). Para Liñeira, é necesario abrir o debate cara á posibilidade de considerar autoras e autores galegos en lingua castelá dentro do sistema literario galego. Se isto é así, poderíamos tamén considerar autoras e autores galegos que escriben en lingua estranxeira dentro do mesmo? A resposta, obviamente, non é sinxela e presenta unha serie de cuestións de complexa resolución que xa se teñen tratado ao falar de autoras como Pardo Bazán ou de textos como *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro.

5 Homi K. Bhabha (1995) utiliza o termo ‘in-between’ para facer referencia a ese terceiro espazo que xorde na diáspora e que serve de catalizador dunha conciencia híbrida tanto social como culturalmente. Para máis información, consultar a súa obra *The Location of Culture*.

González Millán tamén reflexiona nalgúns dos seus estudos sobre os conceptos de 'nación', 'identidade colectiva' ou 'cultura nacional' que, segundo el, "foron e seguen sendo usados na historiografía e na crítica literarias sen a flexibilidade nin complexidade necesarias para que poidan ser realmente efectivos como instrumentos heurísticos" (1988: 16). Sinala tamén que é necesario contextualizar o sistema literario de calquera tradición, e da galega en particular, dende un punto de vista histórico e social, e faino ao falar dos cambios experimentados no sistema literario galego a partir de 1975 e, sobre todo, durante a década dos oitenta do século pasado.⁶ É por iso que González Millán considera que "[o]s cambios experimentados no ámbito literario son unha manifestación máis, se ben especialmente significativa dunha sociedade como a galega, das múltiples transformacións sociopolíticas e culturais" (1988: 25) como podería ser a que está motivada por esta nova vaga migratoria e as ficcións culturais que se están a producir dende a diáspora. Ademais, Figueroa (2001) apóiase nas teorías de Bourdieu e Even-Zohar para sinalar a dimensión social da produción literaria galega e a súa función socio-cultural, algo que non se dá dun xeito paralelo no caso da literatura en lingua inglesa. Neste sentido e segundo o crítico israelí, é necesario estudar as relacións entre varios sistemas literarios, así como as dinámicas internas de cada un destes (Even-Zohar, 1990). González Millán (2001) tamén bota man da teoría dos polisistemas de Even-Zohar para expor a complexidade dun concepto como é o de 'sistema literario'. Non é este nin o lugar nin o momento para discutir novamente este tipo de cuestións xa que a exofonía ten unhas implicacións que van máis alá da simple necesidade de clasificar unha autora ou unha obra dentro dun sistema literario específico. Neste caso, por exemplo, non poderíamos sequera falar dun sistema literario galego en galego vs. un sistema literario galego en inglés, o que si se dá en lingua castelá segundo Liñeira (2015), por exemplo, porque non é unha categorización que exista ou que se poida conformar nun futuro próximo ao ser as autoras e autores galegos exofónicos en lingua inglesa unhas *rara avis* no panorama literario actual.

Sen dúbida, a idea de canon parte sempre dun razoamento subxectivo coa fin de dotar a un sistema literario propio dunha especie de filtro que asegure certo tipo de criterio (Ventura Ruiz, 2006: 191-2). No caso da exofonía, é preciso considerar a descontextualización que existe de certos textos tanto dende un punto de vista lingüístico, como cultural ou como social. Figueroa preocupouse por explorar as relacións entre textos literarios que se forman en diferentes espazos e afirma que

cuando la recepción empírica del texto se produce en un espacio distinto del espacio de la escritura, la distancia entre el lector previsto y el lector empírico aumenta, y entonces la tendencia general es la de realizar lecturas 'incontroladas', a llenar vacíos que no existen en el texto, a no percibir aquellos que realmente se producen; todo ello de manera directamente proporcional a la distancia entre ambos espacios literarios (1991: 27).

Isto, obviamente, fai que sexa necesario pensar para quen escribe un escritor ou escritora exofónica, para o lectorado do país de orixe ou para o lectorado do país de acollida? No caso que aquí nos ocupa, non cabe dúbida de que Priegue escribe para o público lector anglófono, xa que esa e a súa decisión á hora de elixir o inglés como lingua de creación; mais isto non significa que pase a pertencer ao sistema literario británico polo simple feito de escribir en inglés, xa que o uso da lingua no sistema literario británico non é equivalente ao uso da lingua no sistema literario galego. É dicir, non existe un paralelismo entre estes dous campos literarios,

6 González Millán destaca como transformacións fundamentais do espazo literario galego de finais do século pasado as seguintes: "unha crecente autonomía na articulación dun discurso propio, que lexítima e ao mesmo tempo se ve lexitimada por unha serie de prácticas consideradas especificamente como literarias; a multiplicación de novas esixencias sociais coas que se enfronta o proceso de nacionalización do discurso literario como vehículo privilexiado de transmisión da identidade colectiva; e unha progresiva institucionalización da literatura como un corpus textual merecente de ser investigado e estudado, e como materia de ensino e artigo de consumo comercializado" (1988: 22).

o que fai que unha obra como *The Outcast Child* pase a ocupar unha zona gris. A idea de compromiso coa lingua no ámbito dos estudos literarios galegos (Lourido & Martínez Tejero, 2017)⁷ non é a mesma que a que existe no ámbito dos estudos literarios en lingua inglesa onde a literatura escocesa e irlandesa, por falar de dous casos paradigmáticos, tamén é aquela que se escribe en inglés e non exclusivamente a que se escribe en gaélico escocés, en Scots ou en gaélico irlandés.

A cuestión do sistema literario é, como xa se indicou, motivo de debate continuo sobre todo no ámbito peninsular onde conviven diferentes tradicións literarias non sen conflito (Pozuelo Yvancos & Rodríguez Alonso, 2021). A concepción do literario varía dependendo da construción mesma do sistema do que xorde ou ao que se adscribe. Mais se consideramos os postulados de Figueroa que defenden que “todo texto literario se produce nunha cultura e nun campo literario, isto é, nun espazo e nun tempo histórico propio, que condicionan a súa produción e resultan de por si intraducibles” (en Forcadela, 2017: 369), o certo é que cabe a posibilidade de que os Estudos Galegos teñan que dar cabida nalgún momento á produción artística e cultural en lingua estranxeira feita por unha nova diáspora que loita pola visibilidade dende outro espazo. Como defende Álvarez na súa análise da lingua galega nun contexto mundial, “todas as linguas son ferramentas de comunicación válidas en función das circunstancias [...] A globalización produce unha nove orde lingüística caracterizada en gran parte, pero non só, pola emerxencia dunha lingua particular, o inglés, que se vai convertendo na lingua global, supranacional e supraestatal” (2015: 18). O contexto lingüístico particular do Reino Unido dun autor exofónico como é Priegue fai que non exporte o galego ao seu país de acollida como lingua de creación, xa que nese contexto non existe un lectorado específico ao que dirixir a súa obra; é dicir, que se integra nunha lingua allea para convertela na súa lingua de creación literaria tendo en conta a súa posición subalterna como emigrante galego de primeira xeración nese país, o que supón unha práctica co valor cultural simbólico que aquí analizaremos.

Ademais, neste caso particular tamén entra nesta conxunción de intereses o suposto valor literario dunha obra como *The Outcast Child* que ocupa un lugar marxinal fóra dos dous supostos sistemas literarios que a poderían acoller. Avetar (2009) ofrece un interesante percorrido teórico a través da historiografía e da teoría da literatura preguntándose pola cuestión do valor literario das obras a través dalgúns clásicos da literatura universal. Unha achega filolóxica, neste caso, é fundamental á hora de apreciar a importancia que ten Priegue como autor galego exofónico en lingua inglesa; un caso único polo momento. O feito engadido de que Priegue utilice a autopublicación para compartir a súa novela co seu público lector engade complexidade a este caso particular xa que esta práctica, a autopublicación, non está aínda normalizada no ámbito literario galego aínda que si é bastante común no ámbito anglosaxón. Segundo o propio autor (Deyanova, 2018: en liña), a autopublicación foi a posibilidade máis sinxela e inmediata de publicar unha obra novel. A pesar do traballo obvio de edición polo que tivo que pasar o texto, o principal problema que atopou o autor á hora de autopublicarse non foi a de perder certo tipo de control sobre o seu texto ao entrar nunha dinámica de produción diferente da que existe da industria editorial clásica, senón a autopromoción do que el considera unha obra independente como é *The Outcast Child*. A falta de refutación por parte dunha editorial, o incluso dun premio literario, podería restar interese filolóxico a unha obra única como caso de estudo particular polos condicionantes que rodean esta publicación, mais o certo é que o feito de que unha novela como esta estea producida dende a máis total e absoluta das marxes, tanto xeográfica como lingüística como editorial, engade interese á análise dun texto destas características.

7 Ademais do compromiso coa lingua, a través da normalización, Lourido & Martínez Tejero sinalan no seu estudo outros aspectos relevantes para coñecer mellor o que ela e el chaman “a composición e a actividade do campo dos estudos literarios galegos” (2017: 157). Estes outros aspectos son: autonomía, nacionalismo, transferencia e internacionalización, referencias que desenvolven minuciosamente no seu artigo.

2.

Novela negra, trauma e dislocación

A intención da anterior introdución non é nin moito menos a de adiar o comezo da análise desta obra, senón a de ofrecer unha contextualización que motive o interese da mesma dentro do que coñecemos como Estudos Galegos, e xa non tanto dentro da literatura galega entendida esta unicamente como aquela escrita en lingua galega. A pesar de que Priegue non utiliza a lingua galega na súa novela, nin sequera un recurso tan exofónico como é o 'code-switching',⁸ a dedicatoria que encabeza a obra si que está en galego: "A Bris. Devólvoche, mal e tarde, as palabras que me emprestaches" (5). Laura Costa, unha galega de trinta e un anos e residente en Londres, é a protagonista dunha historia que comeza uns seis anos antes do tempo da narración en Cusco, Perú, onde a muller viaxa para traballar grazas a un programa de intercambio educativo financiado con fondos do goberno británico. Unha vez en Cusco, Laura intenta axudar a un pequeno de soamente dous anos que atopa nun dos suburbios da cidade. O neno parece estar abandonado e ao borde da morte. A través dunha serie de xiros entre presente e pasado, o texto convértese nunha novela negra cunha clara carga psicolóxica cando a narración en primeira persoa da protagonista comeza a suxerir que está a fuxir dun pasado traumático e que o pequeno ten poderes paranormais. Kevin, que é o nome deste neno, é considerado na súa cidade de orixe un *layqa*, que significa 'bruxo' en quechua, por iso é abandonado e temido polo resto da comunidade a pesar da súa curta idade. Laura e Mark, a súa parella, deciden adoptalo e levalo a vivir a Londres con eles, onde o neno comeza a amosar problemas de adaptación. É incapaz de relacionarse con outros nenos no colexio e ten unha actitude violenta aparentemente causada polo desprezo dos seus compañeiros de clase.

A novela transcorre en Londres, aínda que a acción regresa a Cusco cando Kevin, aos sete anos, atopa un recorte de periódico no cuarto da súa nai onde descubre que é un neno adoptado despois de ser abandonado pola súa familia biolóxica. Entón deciden organizar unha viaxe para que o neno coñeza o seu país de nacemento. A súa primeira parada é en Lima, onde xa acontecen algúns eventos estraños, antes de voar a Cusco onde Kevin se reencontra coas súas orixes. A viaxe a Perú, como é de esperar nunha novela destas características, está chea de acontecementos inexplicables que suxiren que algo acontece con Kevin até o punto que á volta a Londres Mark, o seu pai adoptivo, comeza a pensar que é certo que o neno leva consigo unha maldición, preocupación que remata por afectar tamén a unha nai entregada á crianza do seu fillo adoptivo. A situación familiar complícase cando nace o primeiro fillo biolóxico da familia e os problemas de adaptación de Kevin no Reino Unido aumentan até que, a partir da metade da novela tanto a acción como a trama cambia de xeito radical cando Laura mata a Kevin accidentalmente ao pensar que este vai ferir ao seu bebé.

8 *Code-switching* é a combinación de dúas linguas no mesmo texto e que se utiliza para expresar a ambivalencia das dúas nun contexto lingüístico concreto. Para Madsen (2000) o *code-switching* é resultado da interlingua de autoras e autores que transitan entre dúas linguas, sen que isto signifique que as dúas teñen o mesmo peso. Este fenómeno é moi común, por exemplo, na literatura chicana (a producida en inglés por autoras e autores estadounidenses de orixe mexicano) sendo o inglés a lingua de creación e o castelán a lingua que se utiliza para denotar certos trazos socio-culturais.

9 As referencias á obra analizada engadiranse ao corpo do texto de xeito parentético e farán referencia á edición citada na bibliografía deste artigo.

The Outcast Child é unha novela negra ao uso e que responde ás expectativas do público lector a través das características que se poden esperar dunha novela de misterio con trazos psicolóxicos. Nela conflúen, por un lado, un asasinato, unha investigación e unha posible resolución, e, por outro, supersticións dunha cultura allea, eventos aparentemente paranormais, acontecementos estraños e un pasado traumático que non se revela dende un principio pero que parece dominar a trama. Todos estes elementos alimentan o interese lector por dar resposta a tres preguntas principais: cal é o pasado do que foxe Laura? É Kevin realmente un neno maldito? E quen matou ao neno? O comezo da novela é realmente efectivo neste sentido. Preséntasenos no primeiro parágrafo unha descrición dantesca do estado deste neno abandonado que Laura atopa nun mercado ateigado de xente que parece ignoralo por completo: “His skin, thin like a plastic cloak stuck to his body, revealed the shape of every bone trying to come through. He couldn’t even cry. Too weak. Too small” [a súa pel, fina coma unha capa de plástico pegada ao corpo, deixando ao descuberto cada óso que sobresa. Non podía nin chorar. Demasiado feble. Demasiado pequeno] (9). Cando Laura se achega ao neno, este faille entrega dun obxecto en forma de esfera consistente en dúas pezas metálicas. Este obxecto, que aparece nas primeiras páxinas do libro, terá unha importancia relevante no devir da historia xa que volve aparecer máis ou menos na metade do libro ao carón do corpo inerte da mascota familiar no Reino Unido e que aparentemente foi posto alí por Mark para intentar convencer a Laura de que Kevin é un perigo para o seu bebé.

A descrición de Cusco que se ofrece nestas primeiras páxinas é un bo exemplo de outredade como construto de distanciamento social de estándares europeos. Cusco é un lugar primitivo, acultural e supersticioso no que un neno de tan só dous anos pode morrer de inanición a causa da desidia dunha sociedade ancestral que o considera maldito. Este neno vive en soidade en “a wreck of an old wooden cabin demolished by time and neglect [where] most of the roof had gone” [restos dunha chabola que o tempo e o desleixo botou abaixo onde a maior parte do teito desaparecera] (13). Laura e Mark son os salvadores deste infante infame que morrería sen a asistencia destas dúas personaxes de procedencia europea. A novela practica, polo tanto, unha visión ‘orientalista’ de América Latina. Segundo os postulados de Said (1995) o discurso histórico ten creado unha serie de imaxes desvirtuadas de territorios outrora colonizados a través de ‘discursos’, que Hall interpreta como “one of the systems through which power circulates” [un dos sistemas a través do cal circula o poder] (1992: 57). Este poder imperialista causou unha cousificación de certos espazos colonizados que perdura até o día de hoxe grazas a descrições como as que atopamos ao comezo de *The Outcast Child*; é dicir, descrições que seguen o mandato da outredade coa que se contempla América Latina, neste caso particular, dende un prisma eurocéntrico no que se perpetúa a noción preconcebida da xente que habita un lugar concreto nas marxes. A visión orientalista que amosa Laura de Cusco non é en ningún momento interpelada polo discurso da protagonista e, así, lexítima o seu papel de salvadora de Kevin cando o adopta e o leva a Europa, lonxe dese lugar dexenerado e perigoso que o veu nacer.

En ningún momento na novela se suxire que os problemas de adaptación de Kevin poidan estar causados pola súa orixe étnica nun lugar presumiblemente multicultural como é Londres. É máis, a primeira metade da novela constrúese a través do aparente feitizo do neno que, como parece ser a crenza popular, trae a desgraza ao seu arredor. Mais convén neste punto facer uso novamente da teoría poscolonial e dos estudos de diáspora para aplicarlos a unha novela como esta. O distanciamento e a dislocación de referentes culturais incrementa a outredade dunha personaxe non europea como Kevin. Ashcroft et al. defenden a idea na súa obra fundacional *The Empire Writes Back* (1989) de que a emigración ten un efecto inmediato nos individuos que a sofren. A transterritorialización ou o exilio, entre outras prácticas diaspóricas, promoven “a valid and active sense of self [which] may have been eroded by *dislocation*, resulting from migration” [un sentido de identidade válido e activo que a dislocación puido erosionar como resultado da emigración] (cursiva no orixinal, 9). Segundo isto, o termo ‘dislocación’ implica unha deconstrución identitaria e a subseguinte reconstrución da mesma na forma esperada do país de acollida.

Esta idea de 'dislocación' é fundamental á hora de analizar o *boom* arredor do realismo máxico e do real maravilloso latinoamericano, un fenómeno literario que parece influír a Priegue á hora de caracterizar a Kevin coma unha personaxe sobrenatural na que conflúen elementos tanto do seu país de orixe como do seu país de acollida. A pesar disto, *The Outcast Child* non podería clasificarse como exemplo de realismo máxico pola outredade coa que se recollen os aspectos folclóricos latinoamericanos, que en ningún momento se consideran factuais. A dislocación de Kevin, tanto xeográfica como cultural, ten unha importancia fundamental no seu carácter aínda que pasa desapercibida durante a narración. Para a narradora, os problemas do neno veñen dados pola súa natureza maldita e non polo seu desarraigo. É por isto que a novela é efectiva á hora de suxerir que ou ben o neno ten certos poderes paranormais ou ben estes son produto da imaxinación da narradora, unha nai sobreprotectora que non é quen de esquecer a orixe exótica do seu fillo.

3.

A Galicia representada dende outro espazo

A pesar de que *The Outcast Child* non é unha novela aparentemente sobre emigración, si que existe un peso fundamental deste fenómeno á hora de articular a trama. O que sorprende e engade interese á dicotomía entre un Kevin emigrante no Reino Unido e unha Laura igualmente emigrante nese mesmo país é a caracterización tan distinta que existe destas dúas personaxes. A pesar das orixes hispánicas da protagonista, Laura non se identifica en ningún momento co que atopa cando viaxa a Perú, país que define como un "strange country" [un país estraño] (11) e no que se identifica como "foreigner" [estranxeira] (11). Porén, atópase totalmente integrada no Reino Unido, país onde xa residía antes de viaxar aquela primeira vez a Cusco e ao que regresa cunha nova parella, Mark, e cun fillo adoptado. Aínda que recoñece nalgunha ocasión a súa condición de estranxeira, por exemplo cando di "English wasn't my first language" [o inglés non era a miña primeira lingua] (22), non se sente como tal en ningún momento. Compórtase como unha londinense máis aínda que deixa unha breve constancia de como foi o seu proceso de adaptación, sobre todo á hora de utilizar o transporte público ateigado da capital británica:

When I first arrived in the city, I had to forget everything I thought I knew about personal space and adapt the best I could to feeling unknown faces just inches from mine or even being in direct contact with several bodies at once. It was disgusting at the beginning, then bearable, and, with time, I learned to live with it and ignore them all. It became a natural part of life, like breathing or going to the toilet. [Cando cheguei por primeira vez á cidade, tiven que esquecer todo o que pensei que sabía sobre o espazo persoal e adaptarme como puideron a sentir caras descoñecidas a uns centímetros da miña ou mesmo a estar en contacto directo con diferentes corpos á vez. Era algo noxento ao principio, despois tolerable, e, co tempo, aprendín a vivir con iso e a ignoralo. Converteuse nunha parte natural da miña vida, como respirar ou ir ao baño] (72-3).

Non hai referencia algunha ao proceso de adaptación da protagonista, galega de orixe, a unha cultura ou sociedade allea; soamente referencias á loxística de vivir nunha cidade sobrepoboada como é Londres. É máis, unha vez casa con Mark toma o apelido do seu marido e pasa a chamarse Laura Johnson, un dos apelidos británicos máis comúns, deixando de usar o seu apelido paterno nunha asimilación simbólica total como é a de tomar como propio un apelido estranxeiro.

Este tipo de detalles, que poderían pasar desapercibidos durante a maior parte da novela, responden á necesidade de Laura de fuxir dun misterioso pasado que fai que queira converterse noutra persoa. Mais de que está a fuxir? Cal é este trauma que parece que a persigue? A segunda metade da novela céntrase en responder a estas preguntas e é entón cando, esta vez si, aparecen as primeiras referencias a Galicia. Laura, como Priegue, é emigrante galega de nova xeración, mais as razóns que a levaron a Londres distan moito das razóns que se teñen identificado como características desta nova diáspora galega. Non emigra nin por cuestións laborais nin por cuestións familiares, senón para comezar unha nova vida despois de ser exculpada xudicialmente do asasinato do seu mozo en Santiago de Compostela, unha parella maltratadora a quen lle crava un coitelo en defensa propia.

Na novela, Galicia aparece citada a través de tópicos:

Perhaps the city where we used to hang out had a great deal to do with it, but sometimes I even miss walking the wet streets of Compostela on a cloudy day after a whole week of wet weather, for only then you can appreciate the charm of this city in a country where it rains two hundred days a year, and the cruel sun seems to enjoy hiding from human sight. [Quizais a cidade por onde adoitabamos saír tiña moito que ver con iso, pero a veces mesmo botaba en falta camiñar polas rúas molladas de Compostela nun día nubrado despois dunha semana enteira de chuvia, nese tipo de ocasións nos que podes apreciar o encanto desta cidade nun país once chove dous centros días ao ano, e o sol cruel parece gozar ao agocharse do ollo humano] (170).

Non é o único caso. Aspectos típicos da gastronomía galega tamén son explicados ao lectorado anglosaxón: "I ordered a glass of Albariño, an autochthonous white I liked because it's very fruity and aromatic and soft to the palate" [pedín un vaso de Albariño, un viño branco da zona que me gustaba polo seu suave e aromático sabor a froita] (175), algo que non tería que ser recalcado nunha novela en lingua galega xa que sería un referente de sobra coñecido. Son nestas analepses literarias ao pasado da narradora no seu país de orixe cando se explican os dous eventos traumáticos que fornecen o aspecto psicolóxico da trama. Por un lado está este asasinato en defensa propia dez anos antes do tempo da narración e, por outro, está un afogamento vinte anos antes en Monte Louro no que Laura estivo catro minutos morta. Nos capítulos da novela que teñen lugar en Galicia, e a pesar destes eventos traumáticos que acontecen e que marcan á protagonista, Laura aparece como unha moza totalmente integrada na sociedade do seu lugar de orixe; cunha familia e un círculo de amizades aparentemente sólido que desaparece de xeito absoluto unha vez a narración se move fóra das súas fronteiras. Isto é así até o punto que cando é acusada da morte de Kevin, non ten ninguén a quen recorrer e recoñece a súa soidade no país de acollida.

Estes dous episodios traumáticos que viviu Laura en Galicia condicionan o seu carácter no Reino Unido. Na narración que fai da súa historia amósase como unha muller xenerosa e protectora da súa familia que en ningún momento parece ter os problemas mentais que se desvelan ao final do texto. Neste sentido, a novela está ben construída a través da coñecida como Teoría do Trauma na que se explica como funciona a dicotomía entre memoria narrativa e memoria traumática. Ao falar de trauma e literatura, Whitehead considera que o trauma "acts as a haunting or possessive influence which not only insistently and intrusively returns but is, moreover, experienced of the first time only in its belated repetition" [funciona como unha influencia persistente e posesiva que xa non só volve de xeito insistente e intrusivo senón que, ademais, unha a sofre por primeira vez cando se repite dun xeito tardío] (2004: 5); é dicir, que se un evento traumático non foi completamente

asimilado, este ten o potencial de retornar mesmo de diferentes formas onde as fronteiras entre o real e o irreal parecen mesturarse. Esta fronteira entre o real e o irreal é coa que xoga Priegue á hora de suxerir que toda a narración pode estar manipulada pola mente enferma da protagonista; é dicir, existen dous niveis narrativos na obra que se funden até a confusión a través de saltos de un presente da narración no Reino Unido a un pasado traumático en Galicia. A práctica narrativa de ocultar episodios traumáticos para descubrilos nun clímax final é definida por Brathwaite como “the trauma of forgetting” [o trauma de esquecer] (1990: 33), unha técnica literaria caracterizada pola necesidade de distanciarse de experiencias dolorosas. Cando estas experiencias traumáticas son silenciadas como fai Laura durante a maior parte da narración que ten lugar no seu país de acollida, o labor do lectorado é a de reconstruír os silencios e encher estes de significado. Ao falar das narrativas do trauma, Edwards considera que “trauma may exist, unknown to us, within our minds [...]. If trauma can be explained, can be represented in speech or writing, then it sometimes exorcises the trauma that has haunted the subject or the community” [o trauma pode existir, sen que nos decatemos, dentro das nosas mentes ... Se o trauma pode explicarse, representarse a través da voz ou escrita, entón en ocasións se libera o suxeito ou a comunidade dese trauma persistente] (2008: 136). Deste xeito, as experiencias traumáticas que se relevan na segunda metade da novela van máis alá dos límites narrativos impostos pola protagonista. Esta práctica narrativa tan típica da novela negra de trazos psicolóxicos responde aos postulados de Pollock (2007), quen considera que os conceptos de latencia e retorno son fundamentais nas coñecidas como narrativas do trauma.

A través desta serie de xiros na trama nos que a narración viaxa no tempo até o pasado e o futuro, o que se revela ao final da novela é que Laura é internada nunha institución para enfermos mentais ao ser diagnosticada dunha psicopatía. É dicir, que non é até as últimas páxinas cando se suxire que toda a narración en primeira persoa é pouco fiable xa que está filtrada a través da psique dunha persoa aparentemente inestable. Até que punto é certo todo o que se narra por esta protagonista? Até que punto era certa a maldición de Kevin? Foi Laura a verdadeira asasina do seu fillo? É certa a confesión do asasinato que lle fai Mark cando vai visitala ao centro psiquiátrico antes de que ela acabe tamén coa súa vida? Todas estas respostas son as que converten a trama desta novela nun exemplo paradigmático de novela negra ao uso. Mais neste sentido, e a causa dos silencios que existen no discurso aparentemente lóxico da protagonista, é necesaria unha segunda lectura que poñan voz a estas elipses narrativas. A novela remata con este final aberto e desconcertante onde non está claro se a narradora foi realmente a culpable do crime ou se é unha vítima máis de Mark: heroe ou vilán segundo a lectura que se faga destes xiros dramáticos da segunda metade do texto.

4.

Conclusión: *The Outcast Child* como exemplo paradigmático de exofonía dentro dos Estudos Galegos

Este artigo comezou reflexionando sobre conceptos como o de ‘canon’ ou o de ‘sistema literario’ a través dos estudos de Liñeira, González Millán e Figueroa, autora e autores que reflexionan sobre a necesidade de reconsiderar o criterio filolóxico exposto por Carballo Calero e que tanta importancia ten nos estudos literarios galegos. A lingua é, sen dúbida, primordial á hora de falar de literatura galega mais, que ocorre con obras como *The Outcast Child*? Trátase esta dunha novela escrita en lingua inglesa por un autor galego que elixe unha protagonista tamén galega e onde Galicia ten unha importancia primordial para o desenvolvemento da trama. Acaso un texto destas características debe ser ignorado dende o que coñecemos como Estudos Galegos polo feito de non estar escrito en lingua galega?

The Outcast Child constrúese a través dunha serie de expectativas que funcionan dun xeito efectivo á hora de navegar entre a novela negra e a novela psicolóxica. Ademais, os elementos sobrenaturais que aparecen ao principio da mesma e que parecen ser explicados nas últimas páxinas dotan á obra dun simbolismo particular xa que o sobrenatural representa unha experiencia traumática persoal, algo moi típico na literatura producida por autoras e autores diaspóricos actuais e que posiblemente se deba á transterritorialización que sofren. Galicia é na novela o lugar onde se suceden os dous eventos traumáticos que motivan a fuxida de Laura a un país estranxeiro. A imaxe de Galicia que se ofrece ao lectorado presumiblemente anglosaxón é unha imaxe estereotipada a través de tópicos como os do mal tempo e a boa comida. Esta desafección cultural ten sentido se consideramos este, e seguindo os postulados de Figueroa, como un texto producido noutro espazo; é dicir, nun contexto multicultural como é o Reino Unido e nun tempo histórico concreto como é o que condiciona a nova diáspora galega. A novela, polo tanto, é significativa como exemplo de exofonía dentro dos Estudos Galegos non soamente porque é producida por un autor galego pertencente á nova diáspora galega, senón porque a representación de Galicia que se atopa no corpo do texto é simbólica neste sentido. Ademais, uns dos aspectos máis interesantes desta novela é que non é unha novela sobre a nova emigración galega no Reino Unido na que o autor reflexiona dende a ficción sobre a súa propia condición diaspórica, aínda que a emigración é fundamental para entender a trama. É unha novela totalmente diferente a outras novelas sobre a nova emigración galega no Reino Unido que comezan a aparecer en lingua galega como poderían ser *Os bicos feridos* (2018) de Ana R. Figueiredo, *Para toda a vida* (2020) de Eva Moreda ou *Alén* (2021) de María Alonso. Estas tres novelas anteriores, escritas en galego por escritoras relacionadas dun xeito ou outro coa nova vaga migratoria galega, si que reflexionan sobre este novo fenómeno migratorio dende a ficción dun xeito directo e consciente, mais *The Outcast Child* se diferencia destes textos en todos estes sentidos.

É por todo isto que *The Outcast Child* xustifica o interese co que se terían que contemplar as prácticas culturais e literarias en lingua estranxeira cando estas son producidas por membros da nova diáspora galega, persoas, como Priegue, que buscan a visibilidade artística nos seus países de acollida. É unha obra escrita dende outro espazo, sexa este considerado xeográfica, lingüística ou literariamente. Un texto, sen dúbida, escrito dende as marxes literarias e conceptuais que aportan maior interese a un autor como Priegue, totalmente descoñecido en Galicia e posiblemente tamén no Reino Unido pero que é necesario seguir para entender as novas prácticas creativas exofónicas que están a xurdir dende a diáspora e que están motivadas pola nova vaga migratoria galega. Implicará isto un cambio de paradigma? É moi pronto para poder responder a este tipo de preguntas tan absolutas. A defamiliarización lingüística que implica unha práctica como a exofonía non ten como resultado inmediato unha defamiliarización cultural ou identitaria inmediata xa que neste caso en particular Galicia xoga un papel fundamental na novela á hora de estruturar a idea de trauma latente. Polo momento, autores exofónicos como Priegue que producen obras exclusivamente en lingua estranxeira terán que seguir habitando esa zona gris, ese espazo 'in-between', xa que non é posible falar de literatura galega en lingua inglesa. O que si amosa unha novela como *The Outcast Child* é que é preciso comezar a prestar atención ao que acontece fóra das nosas fronteiras xeográficas, lingüísticas e literarias.

Referencias bibliográficas

Alonso Alonso, María (2021). *Alén*. Santiago de Compostela: Bolanda.

Álvarez, Rosario (2015). "Lingua galega: entre a identidade e a mundialización". En Castro, Olga, & Liñeira, María (eds.), *Trama e urda. Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos*, 15-44. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Ashcroft, Bill, Gareth Griffiths & Helen Tiffin (1989). *The Empire Writes Back: Theory and practice in post-colonial literatures*. Londres e Nova York: Routledge.

Avelar, Idelber (2009). "La contrucción del canon y la cuestión del valor literario", *Aisthesis*, 46, 213-21.

Bhabha, Homi K. (1995). *The Location of Culture*. Londres / Nova York: Routledge.

Birch, Dinah (ed.) (2009). *The Oxford Companion to English Literature*, 7th edition. Oxford / Nova York: Oxford University Press.

Brathwaite, Edward K. (1990). "History, the Caribbean Writer and *X/Self*". En Davis, Geoffrey V., & Maes-Jelinek, Hena (eds.), *Crisis and Creativity in the New Literatures in English*, 23-45. Amsterdam / Nova York: Rodopi

Carballo Calero, Ricardo (1981) [1962]. *Historia da literatura galega contemporánea: 1808 – 1936*. Vigo: Galaxia.

De Palma, Renée, & Pérez-Caramés, Antía (eds.) (2018). *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity*. Cham: Springer.

Deyanova, Gabriela (2018) "Jacobó Priegue: 'La clave está en sentarse y teclear, no esperar a que llegue la inspiración'", *El Ibérico. El periódico español del Reino Unido*. Dispoñíbel en <https://www.eliberico.com/jacobo-priegue-la-clave-esta-en-sentarse-y-teclear-no-esperar-a-que-llegue-la-inspiracion/> (Consultado en 17.06.2021).

Edwards, Justin (2008). *Postcolonial Literature: A reader's guide to essential criticism*. Basingstoke: Palgrave.

Even-Zohar, Itamar (ed.) (1990). "Polysystem Studies", *Poetics Today*, 11/1, 1-262.

Figueiredo, Anna R. (2018). *Os bicos feridos*. Vigo: Galaxia.

Figuroa, Antón (1991). "La lectura en el otro espacio". En Lafarga Maduell, Francisco, & Donaire Fernández María Luísa (eds.), *Traducción y adaptación cultural: España-Francia*, 21-30. Oviedo: Universidad de Oviedo.

Figuroa, Antón (2001). *Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.

Forcadela, Manuel (2017). "Literatura nacional, literatura mundial. Literatura universal, literatura globalizada". En Requeixo Cuba, Armando (ed.), *Sobre letras e signos: estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, 367-84. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- González Millán, Xoán (1998). "A reconfiguración do espacio literario galego actual: Transformacións e desafíos". En Vieites, Manuel F. (ed.), *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)*, 15-32. Vigo: Xerais.
- González Millán, Xoán (2001). "Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura". En Lozano-Renieblas, Isabel, & Mercado, Juan Carlos (coords.), *Silva. Studia philologica in honorem Isaías Lerner*, 301-13. Madrid: Editorial Castalia.
- Hall, Stuart (1992). "The West and the Rest: Discourse and Power". En Gupta, Tania das, James, Carl E., Maaka, Roger C. A., Galabuzi, Grace-Edward, & Andersen Chris (eds.), *Race and Racialization: Essential Readings*, 56-60. Toronto: Canadian Scholar's Press.
- Liñeira, María (2015). "Something in Between: Galician Literary Studies Beyond the Linguistic Criterion", *Abriu*, 4, 77-88.
- Lourido, Isaac, & Martínez Tejero, Cristina (2017). "Modelos de compromiso no campo dos estudos literarios galegos". En López, Teresa, Malingret, Laurence, & Torres Feijó, Elias J. (eds.), *Estudos literarios e campo cultural galego*, 155-164. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Madsen, Deborah L. (2000). *Understanding Contemporary Chicana Literature*. Columbia: University of South Carolina Press.
- Moreda, Eva (2020). *Para toda a vida*. Allariz: Aira Editorial.
- Polloch, Griselda (2007). "Daydreaming Before History: The Last Works of Sigmund Freud and Charlotte Salomon". En Durrant, Sam, & Lord, Catherine S. (eds.), *Essays in Migratory Aesthetics: Cultural Practices between Migration and Art-Making*, 205-28. Amsterdam / Nova York: Rodopi.
- Pozuelo Yvancos, José María, & Rodríguez Alonso, Mariángeles (2021). "Veinte años de teoría: canon, pensamiento literario e historiografía", *Theory Now: Journal of Literature, Critique and Thought*, 4/1, 6-21.
- Priegue, Jacobo (2019). *The Outcast Child*. London: Amazon.
- Roussel, Flora (2020). "Nomadic Subjectivities: Reflections on Exophonic Strategies in Yoko Tawada's *Schwager in Bordeaux*", *Humanities Bulletin*, 3/1, 161-178.
- Said, Edward (1995) [1978]. *Orientalism*. Londres: Penguin.
- Ventura Ruiz, Joaquim (2006). "Libros y autores gallegos en un canon literario europeo", *Mil Seiscientos Dieciséis*, XI, 189-96.
- Whitehead, Anne (2004). *Trauma Fiction*. Edimburgo: Edinburgh University Press.
- Wright, Chantal (2008). "Writing in the 'Grey Zone': Exophonic Literature in Contemporary Germany", *gfl-journal*, 3, 26-42.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Carlos-Caetano Biscaíno-Fernandes, Universidade da Coruña (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda